3. A vez pasa para a persoa da dereita, que terá que continuar a historia cunha frase que comece con 'afortunadamente'. Por exemplo, "Afortunadamente, Felipe levaba a súa máquina de coser consigo". A vez sigue pasando para a persoa da dereita, que deberá continuar a historia. Deberán alternarse as frases que comecen con 'afortunadamente' coas que comezan con 'desafortunadamente'. A última persoa do círculo debe pechar a historia.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Animarémolos a que sexan todo o creativos e imaxinativos que poidan. Teñen toda a liberdade para facer coa historia o que queiran.

Pero hai dúas normas que non se poden saltar:

-a continuación que propoñan ten que ter unha relación directa co que se contou ata ese momento. Por tanto, deben prestar moita atención a todo o que inventaron as compañeiras e compañeiros precedentes. Deben lembrar ben os nomes dos personaxes, dos lugares nos que se desenvolve a acción, a secuencia de acontecementos relatada…

-deben ter claro se teñen que comezar con 'afortunadamente' ou con 'desafortunadamente'. Para iso deben estar moi atentos.

No caso de que vexamos que non se cumpren estas normas, podemos facer varias cousas: comezar a actividade de novo, ir eliminando da actividade, como se dun concurso se tratase, a aqueles que non prestaron atención suficiente…

**O que pretendemos:**

Nesta ocasión si traballamos coa escoita comprensiva. Ademais de captar os datos fundamentais da historia (nomes de personaxes, de lugares), o alumnado debe comprender o sentido da historia.

**Fonte da actividade:**

O curso de Carolina Ramos.

## 5. Creación dunha historia con ritmo:

**Pasos a seguir:**

1. Colocamos (unha vez máis) a todo o alumnado en círculo.

2. Comezamos a facer unha marcha sen movernos do sitio: todo os integrantes do círculo van movendo as pernas como se estiveran facendo unha marcha (esquerda, dereita, esquerda, dereita), mantendo entre todos o mesmo ritmo.

3. Sen deixar de facer a marcha, a profesora conta a primeira frase dunha historia. Convén que esa primeira frase sexa improvisada, breve e que conteña un problema ou conflito. Por exemplo: "Aquela noite, Xan comezou a sentir unha terrible dor de estómago".

4. A vez pasa para a persoa da dereita, que ten que continuar a historia, empregando toda a súa imaxinación.

5. Completamos o círculo. A última persoa ten que poñerlle punto e final ao conto.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Animarémolos a que sexan todo o creativos e imaxinativos que poidan. Teñen toda a liberdade para facer coa historia o que queiran.

Pero hai unha norma que non se poden saltar: a continuación que propoñan ten que ter unha relación directa co que se contou ata ese momento. Por tanto, deben prestar moita atención a todo o que inventaron as compañeiras e compañeiros precedentes. Deben lembrar ben os nomes dos personaxes, dos lugares nos que se desenvolve a acción, a secuencia de acontecementos relatada…

No caso de que vexamos que non se cumpre esa norma, podemos facer varias cousas: comezar a actividade de novo, ir eliminando da actividade, como se dun concurso se tratase, a aqueles que non prestaron atención suficiente…

**O que pretendemos:**

Nesta ocasión si traballamos coa escoita comprensiva. Ademais de captar os datos fundamentais da historia (nomes de personaxes, de lugares), o alumnado debe comprender o sentido da historia. A creación da historia é un novo reto para a creatividade.

Esta actividade presenta unha complicación para a concentración (o que a converte nunha actividade máis complexa que a número tres): á requerida para poder realizar a escoita comprensiva, únese a concentración necesaria para manter o ritmo da marcha.

**Fonte da actividade:**

O curso de Carolina Ramos.

## 6. Cal é a miña laranxa:

**Pasos a seguir:**

1. O día antes da actividade pidámoslles ás alumnas e alumnos que traian unha laranxa a clase.

2. Comezamos pedíndolle ao alumnado que escriban o seu nome na laranxa. Poden facelo con rotulador ou podemos traerlles etiquetas adhesivas.

3. Pedímoslles que, cos ollos pechados, examinen durante tres minutos a súa laranxa. Deben percibir o seu tamaño, a súa forma, a súa textura, o seu olor…

4. Recollemos as laranxas e poñémolas xuntas nunha mesa, procurando colocalas de maneira que non se vexa o nome. Cada alumna e alumno deberá identificar a súa laranxa. Para iso colocan un papel co seu nome diante da laranxa que cren que é a súa. Finalmente, comprobaremos se acertaron.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Deben entregar a súa capacidade de concentración aos seus sentidos. Deben deterse en cada pequena irregularidade da laranxa, deben concentrarse en distinguir as texturas. Para iso necesitan silencio e serenidade.

Á hora de identificar a laranxa non deben precipitarse. Deben concentrarse no recordo da laranxa (si, trátase de que a humilde laranxa ocupe as súas mentes). Deben considerar as laranxas que poidan ser semellantes á súa e deben tomar unha decisión.

**O que pretendemos:**

Traballar coa concentración, so silencio, coa calma, cos sentidos. Trátase de que a mente sintonice, a través dos sentidos, cun único obxecto.

*Benito Floro, adestrador do Real Madrid nos inicio dos noventa e actual seleccionador de Canadá, foi o primeiro adestrador de España que incluíu a un psicólogo entre os seus colaboradores. Ese psicólogo fixo cos futbolistas do Madrid unha actividade semellante a esta, aínda que empregando un limón imaxinario. Todos os futbolistas se riron del. José María García, o célebre xornalista deportivo, burlouse do asunto: era cómico imaxinar a vinte homes cos ollos pechados dándolle voltas a un limón.*

*A día de hoxe, moitos deportistas de elite e moitos equipos de fútbol (incluídos Celta e Dépor) contan cun psicólogo. Actividades como a descrita serven como primeira tarefa para mellorar a concentración e a visualización en deportes que requiren dunha precisión máxima. A psicoloxía do deporte é xa unha materia universitaria nas facultades de psicoloxía.*

**Fonte da actividade:**

Está adaptada da proposta por Sarah Silverton na páxina 128 do seu libro *Mindfulness* (Barcelona, editorial Blume, 2013).

## 7. Negociando coa laranxa:

**Pasos a seguir:**

1. Colocamos os pupitres en parellas e de maneira enfrontada. En cada mesa deixamos unha folla coas instrucións da actividade e colocamos no medio das dúas mesas unha única laranxa. (As instrucións están na páxina seguinte).

2. Dámoslles dous minutos para que cada alumno ou alumna lea as súas instrucións en silencio. *As instrucións son aparentemente idénticas, pero teñen unha pequena diferenza: cóntanos un conflito entre dúas persoas porque ambas precisan dunha laranxa para a súa curación. Unha lectura atenta e concentrada das instrucións revelará que unha das persoas da parella só precisa o zume da laranxa e a outra a pel da laranxa. O conflito soe xurdir porque cada un dos membros das parellas sobreentende que as necesidades dun e doutro son incompatible e descártase de antemán a posibilidade de chegar a un acordo.* ***Teñamos coidado ao repartir as instrucións: lembremos que cada membro da parella debe ter unha folla sutilmente diferente á do outro.***

3. Dámoslles cinco minutos para que dialoguen e cheguen a un acordo. *Soe suceder que as solucións adoptadas respondan ao esquema 'eu gaño, ti perdes' (por exemplo, un dos dous compra a laranxa), ou á solución 'eu perdo, ti perdes' (por exemplo, descartar o acordo ou cortar a laranxa pola metade).*

4. Posta en común: comentamos entre todos que sucedeu e que sería necesario para poder chegar a un acordo satisfactorio para as dúas partes.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Non convén facerlles recomendacións para a lectura: que lean como están acostumados, sempre que a lectura sexa en silencio. Durante a posta en común falaremos da importancia de manter a concentración para poder fixarnos en todos os detalles dun texto.

Tampouco fagamos recomendacións para a negociación. Deixemos que negocien á súa maneira. Durante a posta en común veremos os erros cometidos. Teremos que facer fincapé no importante que é non só falar, se non tamén escoitar á outra parte.

**O que pretendemos:**

Que vivan unha experiencia que demostre tres cousas: que se mantemos a concentración poderemos fixarnos nos pequenos detalles, que a veces son a clave da resolución dun problema; que se escoitamos activamente, e non só falamos, poderemos entender mellor a posición do outro, o que facilitará o éxito da negociación; que se a negociación transcorre pola vía da cortesía, todo será máis fácil.

**Fonte da actividade:**

Aparece nas páxinas 174-175 do libro de Guadalupe Jover e Jesús María García titulado *Hablar, escuchar, conversar* (Barcelona, Octaedro, 2009).

## A LARANXA 1

Estás pasando a fin de semana cuns coñecidos na metade do monte e comezas a sentir uns fortes mareos. Saíronche manchas verdes nas mans e sentes un estraño proído nas pernas. Case non che queda saldo no móbil. Chamas ao médico e diche que se trata dunha nova e grave enfermidade que pode provocarche unha parálise total, a menos que tomes unha monda de laranxa antes de cinco minutos. Afortunadamente, ergues a vista e comprobas que hai unha laranxa diante de ti. Pero nese momento tropezas con outra persoa cuns síntomas parecidos e que pretende tamén apoderarse da laranxa.

A partir do momento no que se che indique, dispós de tres minutos para resolver o conflito. Levas un billete de cincocentos euros no peto.

## A LARANXA 2

Estás pasando a fin de semana cuns coñecidos na metade do monte e comezas a sentir uns fortes mareos. Saíronche manchas verdes nas mans e sentes un estraño proído nas pernas. Case non che queda saldo no móbil. Chamas ao médico e diche que se trata dunha nova e grave enfermidade que pode provocarche unha parálise total, a menos que tomes zume de laranxa antes de cinco minutos. Afortunadamente, ergues a vista e comprobas que hai unha laranxa diante de ti. Pero nese momento tropezas con outra persoa cuns síntomas parecidos e que pretende tamén apoderarse da laranxa.

A partir do momento no que se che indique, dispós de tres minutos para resolver o conflito. Levas un billete de cincocentos euros no peto.

## 8. Paisaxes rotas:

**1. Pasos a seguir:**

1. Imprimimos dúas copias dunha serie de fotografías de paisaxes (podemos obtelas de Google Imaxes). Recortamos unha das copias de cada fotografía en catro fragmentos. A outra copia reservámola. Repartimos un fragmento de fotografía para cada alumno ou alumna.

2. Disporán de dous minutos para observar as características e os pequenos detalles do fragmento de fotografía que lles correspondeu. Escribirán o seu nome na parte traseira do fragmento e deixarano na súa mesa.

3. As alumnas e alumnos comezarán a falar co resto da clase. O obxectivo é completar a fotografía, atopando ás tres persoas que teñen os outros tres fragmentos. Para iso deberán describirlle moi ben aos demais as características do seu fragmento e deberán escoitar moi ben a descrición dos demais. Este proceso podemos facelo de forma regulada (sacando a un alumno de cada vez ao encerado para que faga a súa descrición) ou de maneira máis informal (deixando que todos falen con todos).

4. Unha vez atopadas ás catro persoas pasaremos a comprobar que formaron a mesma paisaxe xuntando os catro fragmentos da fotografía e comparándoa coa copia da fotografía enteira que reservamos.

5. Analizaremos entre todas e todos que foi o que non funcionou.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Deben concentrarse na busca de detalles da fotografía. Deben ser moi precisos na descrición que fagan ante ás compañeiras e compañeiros. Deben prestar moita atención á descrición que fagan os demais: deben escoitar fixándose nos pequenos detalles. Para conseguilo, debemos lembrar a necesidade de ter un ambiente calmado e en silencio.

Só poden ver a fotografía ao inicio e ao final da actividade.

**O que pretendemos:**

Activar a concentración e a memoria visual. Desenvolver destrezas lingüísticas para a descrición. Activar a escoita activa: para conseguir o obxectivo é tan importante describir ben como escoitar atentamente o que describen os demais.

**Fonte da actividade:**

Adaptada, bastante libremente, do artigo citado de Carmen Pérez Fernández. Aparece na páxina 90 de dito artigo.

## 9. Conversamos?:

**Pasos a seguir:**

1. Distribuímos ao alumnado por parellas, dispoñendo as meses fronte a fronte. Poñemos enriba da mesa un obxecto simbólico que establece as quendas. O alumno que fala teno sobre a súa mesa, e o compañeiro non poderá intervir sen o seu permiso ata que lle sexa entregado o obxecto.

2. Entregámoslles unha ficha moi sinxela cunha serie de preguntas para que as respondan. As preguntas poden ser: *Que farías con cen millóns de euros? Que agardas do futuro? Que tipo de cine che gusta? Cales son as túas ocupacións no tempo libre?* Convén que as preguntas sexan abertas para que o alumnado poida estenderse na resposta.

3. O alumno A fala mentres o compañeiro permanece en silencio escoitando atentamente. Só pode interromper para solicitar aclaracións.

4. O alumno B resume o que entendeu. O alumno A debe comprobar que o outro alumno entendeu todo e non esqueceu datos importantes. Se todo é correcto dará a súa aprobación.

5. Invértense os papeis e repetimos o proceso.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Pódenos resultar útil ver a charla de Julian Treasure en TED (a ligazón está na páxina 6). Así saberemos mellor que pautas de traballo lle podemos ofrecer ao alumnado. É máis importante escoitar activamente que falar. Nesta ocasión deberán demostrar que fan unha escoita verdadeiramente activa. Para iso deberán:

-Mirar á cara de quen fala.

-Demostrar con pequenos xestos que están escoitando: xestos de afirmación.

-Facer, só cando sexa estritamente necesario, breves preguntas ou frases que demanden unha aclaración. Por exemplo: *Non entendín se cos cen millóns viaxarías a Suecia ou a Noruega.*

-Verbalizar breves resumos do que o compañeiro acaba de dicir ou repetir o que acaba de dicir. *Daquela o que farías cos cen millóns sería viaxar, non é así?*

**O que pretendemos:**

Ter unha experiencia de escoita activa. Esta páxina web ofrece recomendacións para mellorar a escoita activa:

http://www.escuchaactiva.com/articulos.htm

**Fonte da actividade:**

Adaptada, bastante libremente, do artigo citado de Carmen Pérez Fernández. Aparece nas páxinas 90-91 de dito artigo.

## 10. Todo o mundo fala, ningún escoita:

**Pasos a seguir:**

1. Que un alumno ou alumna lea en voz alta para toda a clase un poema de José María Fonollosa. A vida deste poeta caracterizouse polo fracaso: ningún o publicaba, o que é o mesmo que dicir que ningún o escoitaba. Cando morreu démonos todos conta do bo que era. E empezamos a escoitalo. A boas horas.

> ***Cada uno habla de sí mismo hasta cuando***
> ***aparenta tratar a los demás.***
>
> ***Molesta y desanima ver que todos***
> ***se ocupan sólo, egoístas, de su "yo".***
>
> ***Es como estar rodeado de semáforos***
> ***rojos constantemente. Sin luz verde.***
>
> ***No hay modo de que escuchen lo que digo***
> ***cuando me acerco para de mí hablarles.***

**José María Fonollosa, *Ciudad del hombre*,**
DVD ediciones, Barcelona, 1996.

2. Pedir que respondan individualmente por escrito ás seguintes preguntas:
   - -De que trata o poema? De que se queixa o autor? Cal cres que era a intención do autor cando escribiu este poema?
   - -Que é o que lle molesta ao autor?
   - -Que cres que quere dicir o autor cando di que está rodeado de semáforos vermellos?
   - -É probable que te sentises algunha vez rodeado de semáforos vermellos. Como te sentiches?
   - -Tamén é probable que ti actuases como un semáforo vermello nalgunha ocasión. Descríbenos esa situación.
3. Facer unha posta en común do escrito. Reflexionar sobre se ten sentido que todo o mundo fale sen que ningún escoite.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Diremos que só leremos o poema tres veces e que non poden coller apuntamentos. Deben, pois, prestar a máxima atención para despois poder facer a actividade.

## 11. As princesas delicadas:

**Pasos a seguir:**

1. Contamos o conto popular titulado "As princesas delicadas" por partes. O rematar cada parte damos unhas instrucións:

*Había unha vez tres princesas, chamadas Susana, Xoana e Ana. Susana era alta, Xoana era mediana e Ana era pequena. Susana era moi alegre, Xoana era moi tímida e Ana era moi triste. A reina e o rei estaban moi contentos coas súas fillas, pois nunca se poñían enfermas.*

Paramos aquí a lectura e pedímoslles a cinco alumnos e alumnas que asuman o papel das personaxes mencionadas e que repitan a historia dende a súa perspectiva. Deben lembrar os detalles anteriores, e poden engadir as improvisacións creativas e imaxinativas que queiran.

*Pero un día, sen que ninguén puidese explicar a causa, as tres princesas fixéronse delicadas. A princesa Susana estaba paseando tranquilamente polo xardín do palacio, cando uns pétalos de rosas lle rozaron lixeiramente a cabeza. A princesa caeu ao chan desmaiada cun enorme croque. Os médicos puideron curala daquel golpe, pero a princesa Susana quedou delicada para sempre.*

Paramos novamente a lectura e pedímoslles a varias alumnas e alumnos que representen un cadro conxelado da escena, e dicir, unha fotografía dun momento concreto da escena narrada. Deben acordar que personaxe vai interpretar cada un, que momento exacto queren representar, en que posición van estar e que xesto van facer. Unha vez que cheguen a unha solución, manterán a posición durante un par de minutos. Pedirémoslle a unha alumna ou alumno que no estea no cadro que pasee entre as figuras. Cada vez que toque a na cabeza a un dos intérpretes, este deberá dicir a frase que lle parece que diría a súa personaxe nesa situación.

*Outro día, Xoana, a princesa mediana, espertou cunha gran ferida no lombo. Cando buscaron a causa da ferida descubriron que fora producida por unha pequena engurra nas sabas. Os médicos puideron durar a ferida, pero a princesa quedou delicada para sempre.*

Paramos a lectura e facemos a mesma actividade de antes, pero con alumnas e alumnos distintos.

*Entón, o rei e a reina, moi asustados, decidiron construír unha furna de cristal para meter nela á princesa Ana, a máis pequena. No salón máis grande do palacio, os enxeñeiros reais construíron en poucos días unha enorme furna coas paredes e o teito de cristal. Dentro vivía a princesa e non a deixaban saír. Os reis chegaron a pensar que á súa filla pequena non lle ía pasar nada e que non se faría delicada.*

Paramos a lectura e facemos a mesma actividade de antes, pero con alumnas e alumnos distintos.

*Pero un día unha bandada de aire fixo que unha fiestra rompese. Polo burato do cristal roto, un pequeno mosquito entrou na habitación. Deu voltas arredor da furna e*

*atopou un pequeno buraco polo que coarse. Co aire producido polo movemento das súas ás, a princesa arrefriou e comezou a espirrar, unha e outra vez. Finalmente, o mosquito achegouse á punta do nariz da princesa e picouna. A princesa deu un elegante grito, naturalmente, un grito de princesa. E dende aquela, tamén a princesa Ana quedou delicada.*

Aquí remata a lectura do conto. Como última actividade, pedímoslle a un grupo de alumnos que non participase aínda que ten cree unha banda sonora para a parte que acabamos de ler (o ruído do mosquito, o cristal roto, as ás baténdose…) . Cando pensen nos ruídos que van facer, volveremos a ler o fragmento acompañado da banda sonora creada.

2. En cada actividade debemos comprobar co alumnado se as propostas que fixeron coinciden co fragmento que lemos.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Deben saber de antemán que só leremos cada fragmento unha vez. Deberán prestar a máxima atención á lectura, pois despois propoñerémoslles unha serie de actividades en equipo para a que necesitan lembrar todos os pequenos detalles, as características das personaxes, ás accións descritas… Deben ter claro que deberán estar absolutamente concentrados escoitando o conto.

As actividades son en equipo. De maneira que deberán chegar a acordos do que van facer exactamente. Deben falar e escoitarse entre eles cunha actitude cooperativa. Se alguén se esqueceu dalgún detalle é probable que outro membro do equipo o lembre.

**O que pretendemos:**

Traballar coa escoita atenta e comprensiva. O alumnado non só terá que fixarse no sentido da historia, se non tamén nos pequenos detalles.

Ademais das habilidades orais, tanto de comprensión como de expresión, a actividade enriquece a creatividade do alumnado, activa as habilidades de traballo en equipo e pon en xogo a expresión corporal e teatral.

**Fonte da actividade:**

Tomás Motos Teruel, “Dinamización lingüística de textos teatrales”, *Textos de Didáctica de la Lengua y la Literatura,* nº 19, enero 1999, pp. 65-77.

## 12. Concéntrate:

**Pasos a seguir:**

1. Entregamos as fichas e o alumnado irá facendo as actividades que hai nelas.
2. Marcamos o tempo para cada actividade.

**O que debemos lembrarlle ao alumnado:**

Deben concentrarse ao máximo. Son actividades sinxelas, sempre que haxa silencio, tranquilidade e concentración.

Debemos ser moi estritos co tempo. Cada actividade ten un límite de tempo que non debe ser superado. Convén repetir estes exercicios ou facer outros semellantes. Así en cada repetición comprobaremos se imos tardando máis ou menos tempo.

**O que pretendemos:**

Mellorar o nivel de concentración e atención empregando o razoamento lóxico-matemático.

**Fonte da actividade:**

O libro xa citado de Alejandra Vallejo Nájera e Roberto Colom Marañón (páxinas 279-282).

**TACHA AS PARELLAS DE NÚMEROS ADXACENTES QUE SUMEN DEZ:**

En cada fila de números atoparás parellas de números que sumen dez. Só tes que tachar eses dous números, segundo o exemplo que encabeza a táboa.

Tes só seis minutos para rematar a tarefa. Se non conseguiches acabala non te preocupes: intentarémolo outro día.



2 0 3 ~~4 6~~ 3 ~~2 8~~ 4 1 ~~3 7~~ 5 0

A) 4 3 4 6 3 4 4 3 4 7 3 1 0 9 6 7 3 6 5 5 0 7 3 2 3
B) 3 5 5 3 2 8 4 8 2 7 2 9 1 8 7 3 2 6 5 5 6 4 5 8 3
C) 4 1 9 7 5 7 5 2 8 8 5 5 4 5 3 7 5 7 8 2 9 2 5 4 6
D) 9 2 8 0 2 2 8 6 5 5 2 3 0 1 9 5 6 8 2 7 3 6 5 3 2
E) 4 8 7 5 5 3 5 3 7 5 1 2 3 2 8 3 8 2 5 7 8 7 3 3 2
F) 3 6 4 5 7 6 4 5 8 6 6 4 5 3 4 6 8 8 2 2 6 1 9 3 4
G) 7 3 5 4 7 8 2 5 0 2 3 4 6 7 6 1 9 3 5 8 7 6 5 7 5
H) 8 3 7 7 2 4 6 7 6 5 4 7 5 0 1 8 7 3 4 7 7 3 5 5 8
I) 4 4 6 2 0 3 2 7 8 9 6 5 2 7 0 2 8 0 1 9 2 6 4 8 1
J) 8 5 5 4 6 5 5 3 7 1 9 9 8 2 1 3 2 0 4 3 5 5 6 0 5
K) 7 8 6 5 5 4 9 5 6 4 2 7 9 1 5 7 8 3 6 3 7 7 6 7 5
L) 7 6 5 2 8 4 5 5 9 1 8 0 7 3 6 3 8 9 1 3 7 4 6 5 8
M) 0 2 7 8 2 9 8 6 5 2 3 8 6 7 4 5 2 5 4 8 1 9 5 5 2
N) 7 3 6 4 3 7 1 9 1 4 1 5 7 8 2 0 2 7 5 8 5 8 9 1 2
Ñ) 3 5 7 5 6 7 3 6 0 9 7 6 9 7 5 9 8 7 3 5 0 3 2 3 1
O) 4 6 8 3 2 8 7 3 4 5 4 2 4 3 5 6 3 2 4 1 2 1 1 6 7
P) 5 4 2 3 1 7 4 7 9 1 2 1 3 6 8 9 6 5 6 4 3 4 8 5 3
Q) 6 8 1 4 6 7 5 2 8 1 2 4 6 8 1 5 4 1 3 2 9 1 2 8 5
R) 4 7 3 8 1 2 8 4 6 5 4 5 5 6 4 3 5 3 4 3 7 2 5 7 8
S) 4 4 6 6 5 8 6 1 7 2 3 8 5 8 3 4 8 4 1 9 5 5 8 2 5
T) 4 4 8 2 1 8 7 9 6 7 3 5 8 4 6 7 6 3 7 9 4 5 0 9 1
U) 5 4 7 9 8 2 2 3 1 9 2 1 9 4 8 2 5 6 3 8 2 4 6 3 7
V) 5 3 4 6 5 1 2 5 3 2 6 4 8 1 2 6 3 2 6 1 8 6 3 4 5
X) 4 1 9 5 7 4 5 6 3 1 2 3 9 1 7 3 6 1 3 5 1 2 4 1 7
Y) 5 1 2 4 5 7 6 8 1 9 8 3 4 7 6 5 8 7 8 2 4 5 6 8 7
Z) 9 6 1 5 3 7 2 5 8 3 6 1 2 8 4 6 7 8 3 5 4 1 6 3 6

**Conta marcha atrás dende 100 ata 0 restando 7 de cada vez:**
**Tes tres minutos.** (se non acabas non te preocupes. Repetirémolo outro día e conseguirás superarte).
**100-93-86**____________________________________________________________________

**Conta marcha atrás dende 98 ata 0, restando 7 unha vez e sumando 4 a seguinte:**
**Tes tres minutos** (se non acabas non te preocupes. Repetirémolo outro día e conseguirás superarte).
**98-91-95-88**________________________________________________________________

**Observa esta serie: 1 8 3 5 2 5 0**
**Se substituímos o 1 por A, o 5 por B, o 3 por C e o 8 por D, o resultado é este:**
**A D C B 2 B 0.**
Tendo en conta a equivalencia anterior entre números e letras, transforma cada serie de letras e números que veremos a continuación no seu equivalente só en números:
**Tes tres minutos** (se non acabas non te preocupes. Repetirémolo outro día e conseguirás superarte).

| | |
|---|---|
| **A D C B 2 B 0** | **1 8 3 5 2 5 0** |
| **A 3 B 0 5 1 2** | |
| **D 8 5 C 3 2 A** | |
| **2 3 B 1 0 A D** | |
| **5 C B 8 1 2 A** | |
| **1 3 5 2 D 1 0** | |
| **0 B 1 A 2 C 8** | |
| **B 3 C 3 A B 2** | |
| **8 2 B A C 1 3** | |
| **1 B C B 1 8 0** | |
| **A 5 B C 2 1 D** | |
| **8 3 1 A 5 2 1** | |